



BASES SORTEO “CAMPAÑA DÍA DA NAI 2025”.

1.-OBXETO E PARTICIPACIÓN

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA pon en marcha un sorteo dirixido a tódolos clientes que merquen e consumen nos establecementos asociados participantes nesta campaña. Os participantes neste sorteo deben ser maiores de idade, sendo a súa participación gratuita e sen contraprestación algunha. O obxectivo fundamental da campaña é incrementar as vendas e incentivar o consumo no pequeno comercio retalista e hostalería de Ribeira.

2.-DURACION E ÁMBITO

A promoción realizarase entre as compras e consumicións feitas desde o día 23 de abril ó 04 de maio de 2025. A forma de participar será mercando e consumindo en calquer establecemento socio participante e subindo o ticket a <http://empresariosriveira.com/sorteo.asp>

Os sorteos realizaranse o **luns 05 de maio ás 12:00h** no local da Asociación de Empresarios.

Esta mecánica pode ser modificada a criterio da Directiva a AER en calquer momento.

3.- DINÁMICA E FUNCIONAMENTO

Nesta campaña poderán participar tódolos consumidores maiores de idade, que se rexistren a tal efecto seguindo as indicacións detalladas seguidamente neste apartado, e que realicen unha compra ou consumición por calquera importe nos establecementos participantes nesta campaña, sempre e cando a compra se realice durante as datas de duración da campaña. Isto é, do 23 de abril ao 04 de maio de 2025.

Os consumidores participantes **deberán en todo caso conservar o ticket da compra ou consumición realizada, a fin de dispoñer dun xustificante.**

A forma de participar será a seguinte:

1- O consumidor/cliente poderá rexistrarse para participar nesta campaña na pestaña “Sorteos” na web da Asociación de Empresarios de Ribeira www.empresariosriveira.com , efectuando o correspondente rexistro da compra ou consumición realizada, que lle dará dereito a unha participación no sorteo. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación de compra/consumición realizada e o cliente ou consumidor. So poderán facer un rexistro por operación de compra/consumición, e cada operación rexistrada, equivale a unha

participación. Cantas máis compras/ consumicións fagan nos establecementos participantes, máis participacións poderán obter e máis posibilidades de gañar.

A realización dos sorteos terá lugar de xeito telemático mediante un código programado que elixirá aleatoriamente aos agraciados de entre tódolos participantes, ata conseguir os gañadores do premio e un suplente para cada un.

O consumidor/cliente/usuario rexistrado na campaña, poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso, pero unha vez agraciado cun premio, xa non poderá optar a ningún máis na mesma edición; neste caso non poderá ser a mesma persona a premiada e o suplente. Tampouco poderá repetirse o establecemento que reparta un premio.

4.-PREMIOS

Os premios destas campaña serán:

1.- Compras por valor de 1.000€ menos a retención dos impostos obligatorios. Este premio ten que ser gastado un día en concreto a determinar entre a Asociación e a/o premiada/o nos establecementos participantes nesta campaña, como data máxima o 31 de maio de 2025. O importe deste premio obrigatoriamente ten que ser gastado nos sectores que participan nesta campaña: comercio, hostalería-restauración, perruquería-estética e mercar nos sectores de alimentación no Mercado Municipal. Para repartir o premio entre varios participantes, como máximo o premiado pode gastar 150€ en cada un dos establecementos elixidos para gastar o premio.

2.- Cea valorada en 100€ que está donada por Chicolino.

3.- 2 vales de compra valoradas en 50€ cada unha.

5.-ACEPTACIÓN

A participación no sorteo conleva a expresa aceptación e sometimento ás Bases do mesmo, así como a autorización para publicar o nome dos gañadores e fotos na páxina web da AER, redes sociais, e medios de prensa escrita local, nacional e internacional sin que elo conleve compensación económica algunha a favor dos agraciados.

Non obstante ó anterior, os interesados poderán en calquera momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e no seu caso, cancelación, previstos na LO 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, mediante comunicación escrita, cos seus datos, dirixida a Asociación de Empresarios de Riveira, Rosalía de Castro, 13 15960 Ribeira.

AER resérvase o dereito exclusivo de modificar, reemplazar, complementar e/ou rectificar as presentes bases, que serán publicadas.